

**VERSOS** O escritor Xosé Lois García acaba de publicar en Edicións Xerais o seu poemario 'Kalendas', no que presenta un poema para cada un dos días do ano

# Pezas dun xornal lírico


**Trátase dun libro rico e expresivo, poboado de imaxes e matices que enriquecen o idioma do autor**

Xosé Neira Vilas · Gres

*Kalendas* (Edicións Xerais de Galicia) é o título dun novo libro de Xosé Lois García. Un poemario (ou un só poema talvez) de máis de 400 páxinas, cunha singularidade que nos remite ao título: contén un poema diario dende o 26 de xaneiro ao 31 de decembro de 2003. Cada poema ten vinte versos, agás os que corresponden a sábados e domingos, que teñen oito e sete, respectivamente.

Enorme esforzo e gran tensión creadora debeu requirirle esta obra ao seu autor. Tráeme á memoria o meu amigo Francisco Mota, malagueño exiliado en Cuba, que durante un tempo (poida que dous anos ou algo así) estivo escribindo un poema diario. Erguíase con noite, escribía e logo dirixíase ao seu traballo (era investigador do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana). Desencartaba o papel co texto e líame aqueles versos aínda quentes. Isto ocorría hai algo máis de vinte anos. Deixounos en 1984. Hai pouco faleceu a súa viúva, tamén poeta, Rafaela Chacón, e non sei quen terá aqueles poemas, de indubidable calidade.

Xosé Lois García tamén escribiu un poema diario, ao longo de case doce meses. Linos un a un, seguílle os pasos neste xornal poético no que está todo, ou case todo. Están



Xosé Lois García (á esquerda) co poeta Eugénio de Andrade, co que mantivo unha estreita amizade

Galicia, Cuba, Portugal, Cataluña. Está o mundo enteiro evocado con palabra precisa e sentida, en verso longo, xeneroso. Están o amor, a patria, a memoria do tempo ido, a lembranza dos que xa non se achaban nesta banda da vida. Está a afirmación da identidade do eido orixinario e a solidariedade cos "pobres da terra". Pero non se trata só dunha crónica "en renglóns curtos", como diría Emilio Pita, senón da poesía

verdadeira, auténtica, de fondo calado, escrita cunha linguaxe rica, expresiva, poboada de imaxes e orlada de matices que enriquecen o idioma.

Cadra que este xornal lírico comezouno o poeta na Habana. E cadra que inda que non me dixon nada (practica o mesmo recato ca min respecto do que aínda non está acabado) andabamos xuntos aqueles días de xaneiro e febreiro

de 2003. Xuntos no paraninfo da Universidade, e na Facultade de Artes e Letras, e na sede da Cátedra de Cultura Galega, onde nos falou sobre Curros Enríquez; xuntos na Feira Internacional do Libro (nas amplas e históricas fortalezas do Morro e da Cabaña). Neses días daba os primeiros pasos deste poemario.

Hai dúas constantes referenciais de Xosé Lois, que abundan na súa

obra escrita e nas súas conversas cos amigos: o mundo luso-falante (Portugal, Brasil, Angola, Mozambique, Guínea-Bisau, São Tomé) que nos foi revelando en anos de fecunda laboura de achegamento; e o mundo cubano, é dicir, a cultura cubana. Ademais de viaxar ano tras ano a aquela Illa fermosa e revolucionaria, Cuba aparece arreo nos seus artigos de prensa, nos seus ensaios a nos seus poemas. En poemas como os deste libro, no que ademais de topónimos (Cama-güey, Santiago de Cuba, A Habana, Pinar del Río, Tunas, Artemisa ou Santa Clara) aparecen, fraterna e cordialmente evocados os nomes de Martí, Che Guevara, Nicolás Guillén, Fernando Ortiz, Lezama, Carpentier...

Agardamos que *Kalendas* non sexa a derradeira entrega deste prolífico creador, en plenitude de vida, pero si é, ata agora, a culminación dunha sostida traxectoria poética con títulos como *Do Faro ao Miño*, *Aquarium*, *Materia Corporal*, *Tempo Precario*, *Memoria doutros Corpos...* Van alá uns trinta anos de exercicio poético. En boa medida isto explica o acerto desta obra recente que remata cunha afirmación: "...a miña parentelapatriótica sempre me remite / á inacabada Galicia de Rosalía e de Castela. / A patria é de todos, dos que queiran salvala".

Comparto as palabras do profesor brasileiro Soares de Moura, prologuista desta obra, cando di que a memoria e a poesía son patrimonio vivo de todos os homes e que vén de mostralo Xosé Lois García, nos versos de *Kalendas*, o mais longo poema da literatura galega. ●

**1905-1993** ■ Distintas institucións únense á Xunta para unha exposición que, baixo o título 'Tientos e silencios', revisa a obra e a peripecia vital do compositor

## Bal y Gay regresa a Lugo no centenario do seu nacemento

A Universidade de Santiago (USC), a Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais (SECC), a Xunta, a Residencia de Estudantes e Lugo Cultural organizan a exposición *Tientos e silencios*. *Jesús Bal y Gay (1905-1993)* que se inaugurou onte e coa que se lembra ao compositor, musicólogo e ensaísta Jesús Bal y Gay no primeiro centenario do seu nacemento. A homenaxe complétese cun ciclo de concertos que dá comezo esta noite en Lugo e que mañá se trasladará a Santiago.

A mostra, que se inaugurou na

sala de exposicións da Deputación de Lugo coa asistencia de distintos representantes políticos da cidade, foi cualificada polo seu comisario, Carlos Villanueva, como o "frito dun traballo constante" que permitiu elaborar un "plan de actividades enormemente rico, cheo de activo intelectual".

A mostra recolle a biografía intelectual e vital de Jesús Bal y Gay sen esquecer a súa esposa, a pianista e compositora Rosa García Ascot, discípula de Manuel de Falla, e recolle as diversas etapas da súa vi-

da en Galicia, Madrid, Cambridge e México, así como as facetas que marcaron a súa traxectoria vital e o seu protagonismo como intelectual da Idade de Prata. José García-Velasco definiu a exposición como "unha mostra alegre que reflicte moi ben a alegría de vivir de Jesús Bal e da súa muller".

O reitor da USC explicou que con esta exposición e as actividades preparadas para conmemorar o centenario do nacemento deste músico faise "unha digna homenaxe a Jesús Bal y Gay". Segundo

constataron todos os asistentes trátase de cumprir unha "obriga moral que a sociedade galega ten con este lugués", pero ademais con este traballo non só se recupera a súa figura "senón que tamén se recupera unha parte moi importante da historia intelectual da cidade de Lugo e de toda Galicia en xeral".

Pola súa banda, Alicia Gómez-Navarro insistiu nesta idea dicindo que Jesús Bal y Gay deixou todo o seu legado no arquivo da Residencia para que se conservara viva a súa memoria. "Quería que se reconstruíse unha etapa que practicamente desaparecera, por iso isto é un acto de xustiza".

A exposición complementábase co ciclo itinerante de cinco concertos *Tientos e silencios*. *Jesús Bal y Gay no seu centenario (1905-1993)* que percorrerá as tres sedes da exposición. Tras o concerto inaugural de onte, o ciclo trasládase hoxe ao Auditorio Universitario de Santiago. ● MARÉ

### ULTRA

■ Nas modalidades de poesía e contos

## Lorenzo e Fernández de la Sota, Premios do Tren

Javier Lorenzo Candel e José Fernández de la Sota gañaron os Premios do Tren 2005, na modalidade Antonio Machado de Poesía e Camilo José Cela de Contos, respectivamente, que recibirán esta tarde nun acto que se celebra no Pazo Fernán Núñez. Os premios outorgados pola Fundación dos Ferrocarrís Españóis teñen unha dotación de 15.000 euros en cada modalidade. ● E. G. M.